



PLAN DIXITAL

Colexio San Pío X

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: Colexio San Pío X

Enderezo: Avenida de Zamora, 98 (32005, Ourense).

Etapas educativas: infantil e primaria.

Número de alumnado: 204

Número de profesorado: 13

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro (as podemos extraer do Proxecto Educativo).**

O centro está situado preto do centro da cidade. No que respecta aos parámetros socioeconómicos, a cidade é actualmente un nó de comunicacións e servizos cuxo potencial industrial máis importante é o seu parque tecnolóxico, destacando os sectores da industria alimentaria e téxtil e construcións mecánicas. Tamén hai outras empresas relacionadas co automobilismo e algunha coa aeronáutica. A maioría do alumnado é natural da cidade pero tamén existe poboación estranxeira. O índice socioeconómico das familias é medio naquelas propias da zona, pero no caso de alumnado estranxeiro este nivel é máis ben medio-baixo, aínda que non en todos os casos é así.

Acolle actualmente a 204 alumnos distribuídos nas etapas de educación infantil e primaria. Todo o alumnado que presenta necesidades educativas é atendido polo profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL).

O colexio oferta os servizos complementarios de atención matinal e de comedor, así como una variedade de actividades complementarias xestionadas na actualidade pola ANPA.

A proposta educativa é ao servizo da persoa, traballando os valores da alegría, a austeridade e a promoción da paz. Preténdese acadar isto a través dunha estreita relación entre os membros da comunidade educativa, convertendo ao alumnado en persoas creativas e responsables que saiban, no futuro, afrontar diversas situacións de maneira crítica e humanizada.

Como persoal docente hai trece mestres os cales se distribúen da seguinte maneira: tres mestras titoras en educación infantil (unha por grupo); seis mestres/as titores/as en educación primaria (un por grupo) dos cales un é o mestre especialista en educación física; un mestre de psicopedagogía terapéutica que tamén imparte a materia de música; unha mestra de audición e linguaxe; un mestre de relixión; e unha mestra de lingua estranxeira.

- **Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa.**

O centro amosa o seu compromiso por impulsar as tecnoloxías dixitais entre a comunidade educativa, promovendo periodicamente sesión formativas e de concienciación ao alumnado en relación ao uso responsable destas ferramentas. Desde 2018 tamén se reforzou de maneira exponencial o emprego da páxina web e a presenza nas redes sociais. Recentemente tamén se creou unha canle de Telegram e un PíoBot (un bot con información automatizada) co obxectivo de fortalecer o compromiso de información coa comunidade educativa, achega que forma parte da identidade do noso proxecto educativo.

Aínda que na actualidade non hai participación en programas de innovación, si que se ten levado a cabo en cursos anteriores, colaborando con institucións e universidades nun proxecto europeo.

- **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.**

O Plan Dixital do centro exercerá unha enorme influencia na planificación do vindeiro curso, posto que esixe novas propostas e compromisos de actuación, especialmente as relacionadas coa formación permanente do profesorado. Potenciará as reunións dos equipos de nivel, que deberán formular unha metodoloxía na que as demandas deste plan teñan cabida, favorecendo a competencia dixital da comunidade educativa.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa de aplicación é a seguinte:

- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital constituíuse un Equipo de Dinamización integrado polos tres membros do Equipo Directivo, dos cales o xefe de estudos foi nomeado coordinador, e que recibiu formación por parte dunha mentora asignada ao centro a través dun curso da aula virtual con sesións de videoconferencia, e contacto a través dun foro de dúbidas: <https://www.edu.xunta.gal/centros/plandixital/aulavirtual/course/view.php?id=18>

Dentro do citado curso establecéronse dúas fases con tarefas:

- Fase I: análise e diagnose de situación dos centros
 - Presentación e contacto co centro
 - Comezo do SELFIE e preguntas personalizadas: trátase dunha ferramenta que permitiu realizar unha diagnose sobre a situación do profesorado, alumnado de cuarto de primaria en adiante e equipo directivo respecto a unha ampla variedade de categorías.
 - Informe de resultados do SELFIE: elaboración dun documento cos resultados.
 - Informe grupal do Test de Competencia Dixital Docente (test CDD): trátase dunha ferramenta para coñecer a competencia dixital de todo o profesorado e que se realizou desde FProfe.
 - Informe DAFO: documento que expón as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades detectadas grazas aos resultados obtidos do SELFIE e do Test CDD
- Fase II: deseño e elaboración do Plan Dixital
 - Obxectivos do Plan de Acción: unha vez atopadas as necesidades do centro establecéronse obxectivos cunha serie de indicadores, procedementos, materiais e calendario de traballo.
 - Plan Dixital: documento final que recolle todo o realizado ata o momento.
- Fase III: posta en marcha, seguimento e avaliación do presente plan (a partir do curso 2022/23).

A medida que xurdía a necesidade de realizar as tarefas de cada fase, o coordinador deste centro foi transmitindo a información necesaria a pequenos grupos de traballo, que ao seu remate compartiron en Claustro o resultado final para a súa análise, debate e aprobación. Cada unha das tarefas foron entregadas pola aula virtual á mentora, que realizou unha supervisión e avaliación das mesmas.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:**
 - Conexión a internet de fibra óptica de 600 mb de velocidade de subida e baixada simétricas.
 - Conexión cableada na sala do profesorado e sen fíos no resto das dependencias do centro, a través de elementos repetidores que garanten unha boa conexión.
- **Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:**
 - O centro dispón de 10 aulas dixitalizadas nas que se imparte infantil, primaria e apoios de PT e AL.
 - Non se participa en E-Dixgal.
 - Dous ordenadores de sobremesa para a xestión e administración do centro.
 - Un ordenador de sobremesa para xestionar e administrar o catálogo de recursos e préstamos da biblioteca de 5º e 6º de primaria.
 - Un ordenador de sobremesa para uso na sala de profesorado.
 - Non se dispón de equipos ultraportátiles para aula móbil nin aulas de informática e dotacións para proxectos específicos.
- **Servizos dixitais educativos:**
 - Páxina web do centro
 - Correo electrónico.
 - Perfís en redes sociais (Facebook, Twitter, canle de Telegram e grupos privados de aula en Telegram)
 - Bot de Telegram (asistente virtual automatizado)
 - Google Workspace for Education, que ofrece ferramentas como Classroom, Meet, Chat, etc...
 - AbalarMobil, para que as familias consulten as cualificacións.
- **Xestión do mantemento do equipamento do centro.**
 - A través de recursos humanos propios do centro e de empresas especializadas.
- **Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:**
 - Google Workspace for Education: <https://colexiosanpiox.gal/gsuite>
 - Protocolo de protección de datos: http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_proteccion_datos_v1.0.pdf
 - Protocolo COVID-19: <https://colexiosanpiox.gal/covid-19/>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Directivo	2,0	-	-	-	-
	Profesorado	2,8	-	-	-	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	1,8	-	-	-	-
	Profesorado	2,4	-	-	-	-
	Alumnado	4,5	-	-	-	-
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	2,5	-	-	-	-
	Profesorado	2,8	-	-	-	-
	Alumnado	3,5	-	-	-	-
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	2,3	-	-	-	-
	Profesorado	2,3	-	-	-	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	3,4	-	-	-	-
	Profesorado	3,6	-	-	-	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	1,4	-	-	-	-
	Profesorado	2,6	-	-	-	-
	Alumnado	1,8	-	-	-	-
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	1,8	-	-	-	-
	Profesorado	1,8	-	-	-	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	2,4	-	-	-	-
	Profesorado	2,6	-	-	-	-
	Alumnado	3,5	-	-	-	-

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	11	13	84,6 %
PROVISIONAL	-	-	-
INTERINO	-	-	-
SUBSTITUTO	0	2	0,00 %
DESPRAZADO	-	-	-

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
57,9	Explorador/a A2	76,4	Integrador/a B1

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	53,7	Explorador/a A2	68,2	Integrador/a B1
PRI	60,6	Explorador/a A2	77,0	Integrador/a B1

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0
A2 (Explorador/a)	10	90,9 %
B1 (Integrador/a)	2	18,2 %
B2 (Experto/a)	1	9,1 %
C1	0	0
C2	0	0

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. C3: Dispone de acceso a internet de boa calidade. 2. C2: Existen dispositivos dixitais para o ensino. 3. C1: Dispone de infraestrutura dixital.	1. C14: O centro non dispón de espazos físicos que faciliten o ensino e a aprendizaxe con dispositivos dixitais. 2. C15: O alumnado con necesidades educativas especiais non ten acceso suficiente a tecnoloxías asistenciais. 3. C10: Non se conta con dispositivos portátiles para que o alumnado leve a casa. 4. C16: Non existen repositorios ou bibliotecas en liña con materiais de ensino e aprendizaxe.
	PERSONAL DOCENTE	1. E1: Realiza búsquedas de recursos educativos en liña. 2. E4: Utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro. 3. D2: Ten acceso a posibilidades de Plans de Formación Permanente no relativo ao ensino dixital. 4. B3: O centro utiliza tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións. 5. B2: No centro débatese sobre as vantaxes e desvantaxes sobre o ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. 6. A3: Recibe apoio para que explore novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.	1. F6: Non fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais. 2. G5: Non utiliza tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe. 3. G6: Non utiliza tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida realizar observacións construtivas sobre o traballo dos seus compañeiros/as. 4. B1: Non avalía os progresos en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. 5. D1: Non se produce un debate entre o persoal docente sobre as necesidades de

		7. G3: Utiliza tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación axeitada ao alumnado. 8. G9: O persoal docente utiliza datos dixitais sobre alumnado concreto para mellorar a súa experiencia de aprendizaxe. 9. F4: Realiza actividades de aprendizaxe dixitais que motivan ao alumnado. 10. F1: Utiliza tecnoloxías dixitais para adaptar o seu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado. 11. F5: Utiliza tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración/colaboración entre o alumnado. 12. G7: O persoal docente axuda a utilizar tecnoloxías dixitais para fins de avaliación. 13. F3: Utiliza actividades de aprendizaxe dixitais que fomentan a creatividade do alumnado. 14. G1: Utiliza tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.	Formación Permanente no relativo ao ensino con tecnoloxías dixitais. 6. D3: Non recibe axuda para que intercambie experiencias dentro da comunidade educativa sobre o ensino con tecnoloxías dixitais. 7. E2: Unha parte non crea recursos dixitais suficientes para reforzar a súa labor docente. 8. E5: Unha parte non utiliza recursos educativos abertos. 9. E3: Unha parte non emprega contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado.
	PERSOAL NON DOCENTE	O centro non dispón de persoal non docente	O centro non dispón de persoal non docente
	ALUMNADO	1. H1: Aprende a actuar de maneira segura na internet. 2. H3: Aprende a actuar de maneira responsable e a respectar aos demais cando utiliza a internet.	1. H11: Non aprende a codificar ou programar. 2. H4: Non aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa. 3. H6: Non aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon na internet. 4. H10: Non se utiliza a tecnoloxía en diferentes materias. 5. H7: Non aprende a crear contidos dixitais. 6. H8: Non aprende a comunicarse utilizando tecnoloxías dixitais. 7. H13: Non aprende a resolver problemas técnicos que xorden ao utilizar as tecnoloxías dixitais.
	FAMILIAS	1. Grande apoio das familias para apostar por un cambio na metodoloxía educativa que aposte polo emprego de ferramentas dixitais	1. Descoñecemento inicial da importancia dun bo uso dos dispositivos dixitais

	OFERTA	1. Forte presenza na rede para ofrecer información actualizada sobre o centro e as súas actividades: (web intuitiva, perfís en Facebook, Twitter, canle pública en Telegram, grupos privados de aula e PíoBot de Telegram (bot con información automatizada do centro))	1. Inseguridades persoais e escasa formación da maioría do persoal para seguir explorando novas entornas dixitais
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. C5: O centro dispón de asistencia técnica cando hai problemas coa tecnoloxía. 2. A1: O centro conta cunha estratexia dixital.	1. C13: O alumnado non pode traer os seus propios dispositivos portátiles para utilízalos durante as clases. 2. C12: Non se conta cun plan para axudar ao persoal docente a abordar os retos que xorden na aprendizaxe híbrida, relacionados coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico. 3. G8: Non se facilita que o alumnado utilice tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe. 4. B4: Non se colabora con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais. 5. C11: No centro non se toman medidas para identificar os retos que xorden coa aprendizaxe híbrida, relacionados coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico. 6. A2: O profesorado non se involucra no desenvolvemento da estratexia dixital do centro.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Ampliación da oferta de cursos de formación en materia dixital	1. C8: O centro non conta con dispositivos dixitais nin os xestiona para que o alumnado os poida utilizar cando o necesita porque non recibe a dotación económica necesaria. 2. A4: O persoal docente non conta con tempo suficiente para explorar como mellorar o seu método de ensino con tecnoloxías dixital porque existe unha sobrecarga burocrática que llo impide.

	LEXISLACIÓN	1. C7: No centro existen sistemas de protección de datos. 2. A5. No centro respéctanse os dereitos de autor e as licenzas de uso ao utilizar tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe.	1. Dificultades para coñecer os cambios lexislativos.
	CONTORNA	1. Elevado interese por ofertar actividades que melloren as competencias dixitais	1. Escaseza de dispositivos para uso do alumnado en actividades xestionadas pola ANPA 2. Falta de formación ou competencia dixital dos membros
	ANPA	1. Elevado interese por ofertar actividades que melloren as competencias dixitais	1. C11: Dificultades para resolver os problemas provocados pola Fenda dixital
	OUTRAS ENTIDADES	1. Colaboracións puntuais con diferentes axentes externos (por exemplo, co Seminario Galán, creando recursos para dinamizar a lingua)	1. Escaseza de propostas ou iniciativas con outros centros educativos

3. Plan de Acción

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Para elaborar o Plan de Acción tivéronse en conta os resultados do informe SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente, ferramentas que permitiron levar a cabo una análise DAFO. Debido á multitude de áreas nas que intervir, decidiuse centrar a atención naquelas que se consideraron prioritarias para o centro: persoal docente, alumnado, organización de centro, familias e outras entidades.

Os obxectivos formulados baseáronse no requisito de que fosen específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal, estando tamén contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades do centro son de equipamento, posto que as de infraestruturas tecnolóxicas e servizos dixitais educativos xa están cubertas.

- Necesidade de 100 tablets para o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria. Estaríamos interesados en dotar a cada alumno cun aparello e traballar con eles novas metodoloxías de traballo baseadas na realización de tarefas como:
 - Lectura de libros dixitais.
 - Traballo con audiolibros.
 - Búsquedas de información.
 - Acceso á plataformas web de editoriais que permiten asignar tarefas e comprobar en tempo real os resultados e progreso de cada alumno/a.
 - Iniciación na elaboración de documentos sinxelos e presentacións.
 - Posibilidade de adoptar algún libro dixital que substitúa ao de papel, alixeirando o peso das mochilas.
- Necesidade de dotar á sala de profesorado con outro ordenador de sobremesa ou portátil. En ocasións o volume de traballo é moi grande e prodúcense esperas para que todo o profesorado o poida empregar.

Área de mellora: B. COLABORACIÓN E REDES						
1. OBXECTIVO (1):		Establecer contacto con outros centros de infantil e primaria e cos adscritos de secundaria para compartir experiencias e actividades relacionadas coa tradición do noso centro.				Acadado
RESPONSABLE:		Xefatura de estudos e dirección				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Número de respostas positivas.				
Valor de partida (3)		Cero respostas positivas de colaboración.				
Valor previsto e data (4)		Dous centros.			Setembro, outubro e 1ª semana de novembro.	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Creación do grupo de traballo.	Responsable TIC	1º semana de setembro	Grupo de traballo Responsable TIC Materiais (equipos informáticos, funxible,...) Listaxe de centros		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Establecemento de criterios para a búsqueda de centros.	Coordinador do grupo de traballo Xefatura de estudos	2º semana de setembro	Grupo de traballo Coordinador grupo de traballo Xefe de estudos Materiais (equipos informáticos, funxible,...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: :Elaboración da listaxe de centros seleccionados.	Coordinador do grupo de traballo	1º semana de outubro	Grupo de traballo Coordinador do grupo de traballo Materiais (equipos informáticos, material funxible, listaxe telefónica,...) Listaxe de centros		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4:Posta en contacto cos centros seleccionados.	Dirección	Outubro	Teléfono Rexistro de chamadas Material funxible Directora		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.5:Confección da listaxe definitiva dos centros que aceptaron.	Dirección Coordinador do grupo de traballo	1º semana novembro	Directora Coordinador do grupo de traballo Grupo de traballo Materiais (equipos, funxible,...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: B. COLABORACIÓN E REDES							
2. OBXECTIVO (1):	Difundir entre as familias accións formativas sobre a importancia do bo uso dos dispositivos dixitais.					Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de accións formativas coas familias.						
Valor de partida (3)	0 sesións formativas coas familias						
Valor previsto e data (4)	1 sesión anual na terceira semana de xaneiro.				19 xaneiro 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A02.1: Realización dunha enquisa para coñecer os coñecementos previos e os puntos de interese das familias.	Equipo dixital Responsable TIC	Cuarta semana de setembro 2022	Enquisa Grupo de traballo Materiais (equipos informáticos, software, funxible...) e familias		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.2:Análise das enquisas e elaboración dun informe cos resultados.	Responsable TIC	Segunda semana de outubro	Grupo de traballo Conexión a internet Materiais (equipos informáticos, software, funxible...) Informe de resultados		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.3:Creación dun programa de contidos.	Xefatura de estudos Responsable TIC	Primeira semana de novembro	Conexión a internet Materiais (equipos informáticos, software, funxible...), Claustro e Responsable TIC		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.4:Elaboración de materiais e recursos para a exposición.	Xefatura de estudos Responsable TIC	Cuarta semana de novembro	Responsable TIC Conexión a internet Materiais (equipos informáticos, software, funxible... e Claustro.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.5:Sesión formativa coas familias.	Responsable TIC	Terceira semana de xaneiro	Convocatoria Familias Conexión a internet Materiais (equipos, software, funxible...)		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

3. OBXECTIVO (1):	Utilizar tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de profesores que utilicen tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe					
Valor de partida (3)	2 profesores que utilicen tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe					
Valor previsto e data (4)	4 profesores que utilicen tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe				Xuño 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)
AO3.1: Reunión do Claustro para coñecer que profesores empregan estas tecnoloxías dixitais.	Xefatura de estudos	Primeira semana de setembro de 2022	Convocatoria Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Creación dun grupo de traballo que inclúa polo menos ao profesorado que xa utiliza estas ferramentas dixitais.	Xefatura de estudos	Primeira semana de setembro de 2022	Convocatoria Profesorado experto na materia Outro profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Búsqueda e selección de ferramentas dixitais segundo criterios pedagóxicos, técnicos e económicos.	Responsable TIC	Segunda semana de setembro 2022	Grupo de traballo Conexión a internet Materiais (equipos informáticos, software, funxible...) Ferramentas dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A03.4: Elaboración dun informe coas ferramentas axeitadas.	Responsable TIC	Terceira semana de setembro 2022	Grupo de traballo Conexión a internet Materiais (equipos informáticos, software, funxible...) Ferramentas dixitais		
A03.5.: Exposición ante o Claustro e sesión formativa.	Responsable TIC	Cuarta semana de setembro 2022	Convocatoria Claustro Conexión a internet Materiais (equipos informáticos, software, funxible...)		
A03.6.: Desenvolvemento de actividades que impliquen o uso desas ferramentas por parte do profesorado.	Profesorado	Todo o curso	Profesorado Alumnado Conexión a internet Materiais (equipos informáticos, software, funxible...)		

"Área/s de mellora": H. COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO							
4. OBXECTIVO (1):	Aprender e comprobar, por parte do alumnado, se a información que atopa en Internet é fiable e precisa					Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos e responsable TICS.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Si/Non aprenderon e comprobaron a fiabilidade en Internet.						
Valor de partida (3)	Non aprenderon e comprobaron a fiabilidade en Internet.						
Valor previsto e data (4)	Si aprenderon e comprobaron a fiabilidade en Internet.				Anual (Xuño 2023)		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO4.1:Elaboración dunha proba para que o alumnado se autoavalíe.	Coordinador TIC. Responsables de ciclo	Semana do 30/ 09/2022 ao 7/10/2022.	Grupo de traballo. Conexión a Internet. Materiais(equipos informáticos, software, funxible...)		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.2:Autoavaliación dos alumnos mediante unha proba.	Cada titor.	Semana do 10 ao 14 de outubro do 2022.	Profesorado. Ordenadores de aula ou tablets individuais.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.3: Reunión dos responsables para analizar os datos obtidos.	Coordinador TIC. Titores.	18 de outubro do 2022.	Coordinador TIC. Titores. Listaxe dos resultados.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

AO4.4: Charla coloquio impartida por un especialista.	Especialista no tema.	17 de xaneiro do 2023.	Especialista no tema. Ordenador e pizarra dixital.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.5: Elaboración de criterios de fiabilidade e páxinas seguras a seguir por parte do alumnado.	Titores.	Semana do 23 ao 27 de xaneiro.	Ordenador e pizarra dixital.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.6: Entrega dunha listaxe de páxinas fiables, por área, aos alumnos.	Responsables de cada materia.	. Semana do 6 ao 10 de febreiro.	Profesorado. Conexión a Internet. Materiais(equipos informáticos, software, funxible...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.7: Emprego, por parte do alumnado, da listaxe facilitada e comprobación do seu manexo.	Responsables de cada materia. Titores.	Todo o curso.	Profesorado. Conexión a Internet. Materiais(equipos informáticos, software, funxible...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

LENDAS DAS TÁBOAS:

(1) Establecemento e numeración de OBXECTIVOS "SMART" (que queremos conseguir). Estes obxectivos son:

- a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo establécese a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, poderase indicar na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

(2) INDICADOR: Permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.

(3) VALOR de PARTIDA: Valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

(4) VALOR PREVISTO: Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

(5) DESCRICIÓN: Establecemento e numeración das accións **concretas e necesarias** para desenvolver o obxectivo.

(6) RESPONSABLES: Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.

(7) DATA PREVISTA FIN: Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.

(8) RECURSOS NECESARIOS: Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

(9) VALORACIÓN DA ACCIÓN: No contexto do seguimento do Plan de Acción realizarase unha valoración o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) ESTADO: Permite indicar de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

4. Avaliación do plan

4.1 Seguimento do plan de acción

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora. No momento en que un obxectivo se cumpra ou se detecten dificultades que impidan a súa consecución tamén se realizará unha avaliación da situación e non se agardará ao remate do trimestre para intervir.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano, ao remate do curso. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.
- Esta avaliación, realizada polo Claustro, será recollida por un equipo de apoio que lle remitirá todas estas cuestións ao Equipo de Dinamización do Plan Dixital e serán divulgadas ao Consello Escolar.

4.2 Propostas de mellora (revisión)

- No caso de que se detecte algunha desviación entre os obxectivos formulados e os resultados obtidos ou incluso aínda que se conseguisen pero sexan susceptibles de sufrir algunha mellora constituirase un grupo de traballo encargado de realizar unha análise da situación, trasladará os resultados ao Claustro para que sexa informado e realízanse as modificacións oportunas no presente plan.

5. Difusión do plan

Este plan será difundido a toda a comunidade educativa a través da páxina web, redes sociais do centro e reunións coas familias.

Referencias:

Xunta Sans, a tipografía utilizada aquí, foi creada por María Ramos e Noel Pretorius (NM type) para a Xunta de Galicia en 2020.